

Tradución

Frühlings Erwachen - Eine Kindertragödie

O Espertar da Primavera - Unha traxedia infantil

de Frank Wedekind

David ÁLVAREZ

NOTA SOBRE O AUTOR

Frank Wedekind (1864-1918) é considerado un dos grandes dramaturgos en lingua alemá, precursor do expresionismo e doutros grandes autores teatrais como Bertolt Brecht e Friedrich Dürrenmatt. Na súa obra dramática cuestiónase e satirízase con frecuencia a moral burguesa da época e celébrase a sexualidade e a súa liberación como afirmación vital. Son frecuentes nas súas pezas personaxes marxinais da sociedade, nenos, artistas, prostitutas, bandidos, etc. Foi cofundador e colaborador da revista satírica *Simplicissimus*, que tiña como obxectivos das súas críticas a igrexa, a moral burguesa, o exército, o imperialismo e outros estamentos do poder. Tamén foi autor lírico e narrativo e incluso interviu como actor nalgunhas das súas pezas. Outros títulos representativos son *Der Erdgeist (O espírito da terra)*, *Die Büchse der Pandora (A caixa de Pandora)*, reunidas posteriormente baixo o título xenérico de *Lulu, Marquis von Keith (O marqués von Keith)* ou *König Nicolo (O rei Nicolo)*

NOTA SOBRE A OBRA


O ESPERTAR DA PRIMAVERA -Unha traxedia infantil (FRÜHLINGS ERWACHEN - Eine

Kindertragödie) foi a súa primeira obra impresa. Os protagonistas absolutos son tres adolescentes duns 14 anos, Wendla, Moritz e Melchior, nos que se reflicten as primeiras inquedanzas e curiosidades sexuais enfrontadas a unha moral familiar e escolar que lles nega información e que terá consecuencias tráxicas. De todos os xeitos, e baixo unha simboloxía modernista, a peza remata cunha escena nun camposanto no que se escenifica unha pugna entre a vida e a morte, da que sairá vencedora a primeira e transmitindo así unha mensaxe cargada de vitalismo e optimismo.

Publicada no ano 1891 e estreada no 1906 en Berlín baixo a dirección de Max Reinhardt, non foi até os anos sesenta cando se puido representar en Alemaña sen ningún tipo de censura ou eliminación dalgunha parte. Foi incluso cualificada como pornográfica por incluír escenas explícitas de masturbación, sadomasoquismo, homosexualidade, etc. En definitiva, podemos dicir que é unha peza de plenitude, coa vitalidade de todas as grandes obras que levantan a bandeira da liberdade e que vibran para superar os tabús que marcaron o final do século XIX.

Presentamos aquí a segunda escena do primeiro acto á espera de que sirva coma un adianto a unha próxima tradución da peza completa.

¹ A tradución está feita a partir da seguinte edición alemá: Wedekind, Frank (1971): *Frühlings Erwachen*, Stuttgart: Reclam. En linguas peninsulares existen traducións ao portugués: *O despertar da primavera*, Lisboa: Estampa, español: *Despertar de primavera*, Madrid: Biblioteca Nueva e catalán: *El despertar de la primavera*, Lleida: Pagès.



David Álvarez

O Espertar da Primavera - Unha traxedia infantil, de Frank Wedekind

Alemán**Galego****ERSTER AKT, ZWEITE SZENE****Primeiro Acto, Segunda Escena***Sonntag abend.**Domingo á tardiña*

MELCHIOR. Das ist mir zu langweilig. Ich mache nicht mehr mit.

OTTO. Dann können wir andern nur auch aufhören!
– Hast du die Arbeiten, Melchior?

MELCHIOR. Spielt ihr nur weiter!

MORITZ. Wohin gehst du?

MELCHIOR. Spazieren.

GEORG. Es wird ja dunkel!

ROBERT. Hast du die Arbeiten schon?

MELCHIOR. Warum soll ich denn nicht im Dunkeln spaziergehn?

ERNST. Zentralamerika! – Ludwig der Fünfzehnte! Sechzig Verse Homer! – Sieben Gleichungen!

MELCHIOR. Verdammte Arbeiten!

GEORG. Wenn nur wenigstens der lateinische Aufsatz nicht auf morgen wäre!

MORITZ. An nichts kann man denken, ohne daß ein Arbeit dazwischenkommen!

OTTO. Ich gehe nach Hause.

GEORG. Ich auch, Arbeiten machen.

ERNST. Ich auch, ich auch.

ROBERT. Gute Nacht, Melchior.

MELCHIOR. Schlaft wohl!
(Alle entfernen sich bis auf Moritz und Melchior.)

MELCHIOR. Möchte doch wissen, wozu wir eigentlich auf der Welt sind!

MORITZ. Lieber wollt' ich ein Droschkengaul sein um der Schule willen! – Wozu gehen wir in die Schule? – Wir gehen in die Schule, damit man uns examinieren kann! – Und wozu examiniert man uns? – Damit wir durchfallen. – Sieben müssen ja durchfallen, schon weil das Klassenzimmer oben nur sechzig faßt. – Mir ist so eigentümlich seit Weihnachten . . . hol mich der Teufel, wäre Papa nicht, heut noch schnürt' ich mein Bündel und ginge nach Altona!

MELCHIOR. Reden wir von etwas anderem. –
(Sie gehen spazieren)

MORITZ. Siehst du die schwarze Katze dort mit dem emporgereckten Schweif?

MELCHIOR. Glaubst du an Vorbedeutungen?

MORITZ. Ich weiß nicht recht. - - Sie kam von drüben her. Es hat nichts zu sagen.

MELCHIOR. Eu abúrrome. Non xogo máis.

OTTO. Entón paramos todos! – Fixeches xa as tarefas, Melchior?

MELCHIOR. Seguide xogando!

MORITZ. Onde vas?

MELCHIOR. Pasear.

GEORG. Pero xa é noite!

ROBERT. Xa fixeches as tarefas?

MELCHIOR. Por que non ía pasear de noite?

ERNST. Centroamérica! – Luis XV! Sesenta versos de Homero! – Sete ecuacións!

MELCHIOR. Malditas tarefas!

GEORG. Se polo menos o texto de latín non fose para mañá!

MORITZ. Non se pode pensar en nada sen que aparezan as tarefas polo medio!

OTTO. Eu vou para a casa.

GEORG. Eu tamén, facer as tarefas.

ERNST. Eu tamén, eu tamén.

ROBERT. Boa noite, Melchior.

MELCHIOR. Durmide ben!
(Marchan todos menos Moritz e Melchior)

MELCHIOR. Xa me gustaría saber, para que estamos no mundo!


MORITZ. Preferiría ser un cabalo de tiro só por mor da escola! - Para que imos á escola? – Imos á escola, para que nos poidan examinar!- E para que nos examinan? – Para que suspendamos. – Sete teñen que suspender á forza, porque na clase de arriba só collen sesenta. - Dende Nadal estouche un chisco raro... cago no demo, se non fose polo meu pai, facía hoxe mesmo a maleta e marchaba para Altona.

MELCHIOR. Falemos doutra cousa.-
(Van pasear)

MORITZ. Ves aquel gato negro co rabo erguido?

MELCHIOR. Cres nos agoiros?

MORITZ. Non sei moi ben. - -Viña de alá. Non ten que significar nada.



David Álvarez

O Espertar da Primavera - Unha traxedia infantil, de Frank Wedekind

MELCHIOR. Ich glaube, das ist eine Charybdis, in die jeder stürzt, der sich aus der Skylla religiösen Irrwahns emporgerungen. - - Laß uns hier unter der Buche Platz nehmen. Der Tauwind fegt über die Berge. Jetzt möchte ich droben im Wald eine junge Dryade sein, die sich die ganze nacht in den höchsten Wipfeln wiegen und schaukeln läßt . . .

MORITZ. Knöpf dir die Weste auf, Melchior!

MELCHIOR. Ha - wie das einem die Kleider bläht!

MORITZ. Es wird weiß Gott so stockfinster, daß man die Hand nicht vor den Augen sieht. Wo bist du eigentlich? - - Glaubst du nicht auch, Melchior, daß das Schamgefühl im Menschen nur ein Produkt seiner Erziehung ist?

MELCHIOR. Darüber habe ich erst vorgestern noch nachgedacht. Es scheint mir immerhin tief eingewurzelt in der menschlichen Natur. Denke dir, du sollst dich vollständig entkleiden vor deinem besten Freund. Du wirst es nicht tun, wenn er es nicht zugleich auch tut. - Es ist eben auch mehr oder weniger Modesache.

MORITZ. Ich habe mir schon gedacht, wenn ich Kinder habe, Knaben und Mädchen, so lasse ich sie von früh auf im nämlichen Gemach, wenn möglich auf ein und demselben Lager, zusammenschlafen, lasse ich sie morgens und abends beim An- und Auskleiden einander behilflich sein und in der heißen Jahreszeit, die Knaben sowohl wie die Mädchen, tagsüber nichts als eine kurze, mit einem Lederriemen gegürtete Tunika aus weißem Wollstoff tragen. - Mir ist, sie müßten, wenn sie so heranwachsen, später ruhiger sein, als wir es in der Regel sind.

MELCHIOR. Das glaube ich entschieden, Moritz! - Die Frage ist nur, wenn die Mädchen Kinder bekommen, was dann?

MORITZ. Wieso Kinder bekommen?

MELCHIOR. Ich glaube in dieser Hinsicht nämlich an einen gewissen Instinkt. Ich glaube, wenn man einen Kater zum Beispiel mit einer Katze von Jugend auf zusammensperrt und beide von jedem Verkehr mit der Außenwelt fernhält, d. h. sie ganz nur ihren eigenen Trieben überläßt - daß die Katze früher oder später doch einmal trüchtig wird, obgleich sie sowohl wie der Kater niemand hatten, dessen Beispiel ihnen hätte die Augen öffnen können.

MORITZ. Bei Tieren muß sich das ja schließlich von selbst ergeben.

MELCHIOR. Penso que é unha Caribde na que se precipitan todos os que conseguiron erguerse da Escila do delirio relixioso.—Sentemos aquí debaixo desta faia. Corre un vento morno por riba dos montes. Neste momento gustárame ser unha dríade nova, que se deixa abanear durante toda unha longa noite nas cimas máis altas.

MORITZ. Abre o teu chaleque, Melchior!

MELCHIOR. Ai - como me enche a roupa este vento!

MORITZ. Vai ser unha noite tan pechada que non imos ver a man diante dos ollos. Por onde andas? - - Non cres tamén, Melchior, que o sentimento da vergoña na xente só é un produto da súa educación?

MELCHIOR. Aínda antonte estiven a pensar niso. A min paréceme desde logo moi arraigado na natureza humana. Imaxina que tes que te espir diante do teu mellor amigo. Non o farás se el tampouco o fai ao mesmo tempo.- De feito éche máis ou menos unha cousa de modas.


MORITZ. Eu xa o pensei, cando teña fillos, nenos e nenas, déixooos durmir dende moi cedo todos xuntos no mesmo cuarto, e se é posible no mesmo leito, deixo que se axuden uns aos outros a vestirse e desvestirse, e no verán, tanto os nenos coma as nenas levarán polo día só unha curta túnica de tecido de lá branca atada cun cinto de coiro.- Eu creo que se medran así, teñen que ser máis tranquilos do que o somos nós.

MELCHIOR. Iso créochó ben Moritz!. A cuestión é, se as nenas teñen fillos, entón que?

MORITZ. Como fillos?

MELCHIOR. Eu creo nun certo instinto neste aspecto. Eu creo que se pechas xuntos un gato cunha gata desde pequeniños e os aíllas de todo contacto co mundo exterior deixándoos só cos seus propios impulsos, máis tarde ou máis cedo a gata quedará preñada, aínda que nin ela nin o gato tivesen ninguén que lles abrise os ollos co seu exemplo.

MORITZ. Cos animais ten que ser así por natureza!



David Álvarez

O Espertar da Primavera - Unha traxedia infantil, de Frank Wedekind

MELCHIOR. Bei Menschen glaube ich erst recht! Ich bitte dich, Moritz, wenn deine Knaben mit den Mädchen auf ein und demselben Lager schlafen und es kommen ihnen nun unversehens die ersten männlichen Regungen – ich möchte mit jedermann eine Wette eingehen . . .

MORITZ. Darin magst du ja recht haben. – Aber immerhin . . .

MELCHIOR. Und bei deinen Mädchen wäre es im entsprechenden Alter vollkommen das nämliche! Nicht, daß das Mädchen gerade . . . man kann das ja freilich so genau nicht beurteilen . . . jedenfalls wäre vorauszusetzen . . . und die Neugierde würde das ihrige zu tun auch nicht verabsäumen!

MORITZ. Eine Frage beiläufig –

MELCHIOR. Nun?

MORITZ. Aber du antwortest?

MELCHIOR. Natürlich!

MORITZ. Wahr?!

MELCHIOR. Meine Hand darauf. - - Nun, Moritz?

MORITZ. Hast du den Aufsatz schon??

MELCHIOR. So sprich doch frisch von der Leber weg! – Hier hört und sieht uns ja niemand.

MORITZ. Selbstverständlich müßten meine Kinder nämlich tagsüber arbeiten, in Hof und Garten, oder sich durch Spiele zerstreuen, die mit körperlicher Anstrengung verbunden sind. Sie müßten reiten, turnen, klettern und vor allen Dingen nachts nicht so weich schlafen wie wir. Wir sind schrecklich verweichlicht.– Ich glaube, man träumt gar nicht, wenn man hart schläft.

MELCHIOR. Ich schlafe von jetzt bis nach der Weinlese überhaupt nur in meiner Hängematte. Ich habe mein Bett hinter den Ofen gestellt. Es ist zum Zusammenklappen. – Vergangenen Winter träumte mir einmal, ich hätte unsern Lolo so lange gepeitscht, bis er kein Glied mehr rührte. Das war das Grauenhafteste, was ich je geträumt habe. – Was siehst du mich so sonderbar an?

MORITZ. Hast du sie schon empfunden?

MELCHIOR. Was?

MORITZ. Wie sagtest du?

MELCHIOR. Männliche Regungen?

MORITZ. M-hm.

MELCHIOR. – Allerdings!

MORITZ. Ich auch. - - - - -

MELCHIOR. Ich kenne das nämlich schon lange! – Schon bald ein Jahr.

MORITZ. Ich war wie vom Blitz gerührt.

MELCHIOR. Du hattest geträumt?

MELCHIOR. Eu creo que aínda máis coa xente! Por favor, Moritz, se os teus nenos dormen coas nenas na mesma cama e lle veñen de súpeto os primeiros impulsos masculinos – apostaría con calquera que . . .

MORITZ. Niso poida que teñas razón. – Pero aínda así . . .

MELCHIOR. E coas túas nenas pasaría exactamente o mesmo cando lles chegase a idade! Non é que as nenas precisamente . . . dende logo non se pode xulgar iso dun xeito tan exacto . . . de tódalas maneiras podería preverse . . . a curiosidade non deixaría de facer o seu traballo!

MORITZ. Por certo, unha pregunta –

MELCHIOR. Si?

MORITZ. Pero vasme responder?

MELCHIOR. Claro!

MORITZ. Seguro?!

MELCHIOR. Xúrocho. - - Veña, Moritz!

MORITZ. Tes xa a redacción feita?

MELCHIOR. Fala sen medo! – Aquí non nos ve nin nos oe ninguén.

MORITZ. Claro que os meus fillos terían que traballar polo día, no patio e na horta, ou distraerse con xogos que requiran esforzo físico. Terían que andar a cabalo, facer ximnasia, escalar, e sobre todo non durmir tan lixeiros coma nós. Nós estamos amolecidos de todo. – Eu creo que non se soña nada, se un dorme máis profundamente.

MELCHIOR. Eu, dende agora até despois da vendima, durmo só na miña hamaca. Puxen a miña cama detrás da estufa, pódese pregar.- Unha vez, no inverno pasado, soñei que batera no meu Lolo tanto tempo que non podía mover nin unha pata. Foi o máis horrible que soñei xamais.- Que me miras dese xeito?

MORITZ. (*dubidando*) Ti xa os sentiches?

MELCHIOR. O que?

MORITZ. Como lle chamaches?

MELCHIOR. Impulsos masculinos?

MORITZ. M-hm


MELCHIOR. Claro!

MORITZ. Eu tamén. - - - - -

MELCHIOR. Eu xa os teño dende hai tempo! – Case un ano.

MORITZ. Eu sentín coma un lóstrego polo corpo.

MELCHIOR. Soñaches con algo?



David Álvarez

O Espertar da Primavera - Unha traxedia infantil, de Frank Wedekind

MORITZ. Aber nur ganz kurz . . . von Beinen im himmelblauen Trikot, die über das Katheder steigen – um aufrichtig zu sein, ich dachte, sie wollten hinüber. – Ich habe sie nur flüchtig gesehen.

MELCHIOR. Georg Zirschnitz träumte von seiner Mutter.
MORITZ. Hat er dir das erzählt?

MELCHIOR. Draußen am Galgensteg!

MORITZ. Wenn du wüßtest, was ich ausgestanden seit jener Nacht!

MELCHIOR. Gewissensbisse?

MORITZ. Gewissensbisse?—*Todesangst!*

MELCHIOR. Herrgott . . .

MORITZ. Ich hielt mich für unheilbar. Ich glaubte, ich litte an einem inneren Schaden. Schließlich wurde ich nur dadurch wieder ruhiger, daß ich meine Lebenserinnerungen aufzuzeichnen begann. Ja, ja, lieber Melchior, die letzten drei Wochen waren ein Gethsemane für mich.

MELCHIOR. Ich war seinerzeit mehr oder weniger darauf gefaßt gewesen. Ich schämte mich ein wenig. – Das war aber auch alles.

MORITZ. Und dabei bist du noch fast um ein ganzes Jahr jünger als ich!

MELCHIOR. Darüber, Moritz, würd' ich mir keine Gedanken machen. All meinen Erfahrungen nach besteht für das erste Auftauchen dieser Phantome keine bestimmte Altersstufe. Kennst du den großen Lämmermeier mit dem strohgelben Haar und der Adlernase? Drei Jahre ist der älter als ich. Hänschen Rilow sagt, der träume noch bis heute von nichts als Sandtorten und Aprikosengelee.

MORITZ. Ich bitte dich, wie kann Hänschen Rilow darüber urteilen!

MELCHIOR. Er hat ihn gefragt.

MORITZ. Er hat ihn gefragt? – Ich hätte mich nicht getraut, jemanden zu fragen.

MELCHIOR. Du hast mich doch auch gefragt.

MORITZ. Weiß Gott ja! – Möglicherweise hatte Hänschen Rilow schon sein Testament gemacht. – Wahrlich ein sonderbares Spiel, das man mit uns treibt. Und dafür sollen wir uns dankbar erweisen! Ich erinnere mich nicht, je eine Sehnsucht nach dieser Art Aufregung verspürt zu haben. Warum hat man mich nicht ruhig schlafen lassen, bis alles wieder still gewesen wäre. Meine lieben Eltern hätten hundert bessere Kinder haben können. So bin ich nun herge kommen, ich weiß nicht wie, und soll mich dafür verantworten, daß ich nicht weggeblieben bin. – Hast du nicht auch schon darüber nachgedacht, Melchior, auf welche Art und Weise wir eigentlich in diesen Strudel hineingeraten?

MORITZ. Si, pero moi pouco . . . cunhas pernas en mallas celestes, que subían polos pupitres – para ser sincero, crin que querían saltar ao outro lado. – Só as vin pasar fugazmente.

MELCHIOR. Georg Zirschnitz soñou coa súa nai.

MORITZ. Contoucho el?

MELCHIOR. Contou. Fóra, na rúa do Patíbulo.

MORITZ. Se soubeses o que tiven que aturar dende aquela noite!

MELCHIOR. Remordementos de consciencia?

MORITZ. Remordementos? - - - *Un medo mortal!*

MELCHIOR. Meu Deus . . .

MORITZ. Pensei que era incurable. Crin que padecía algunha doenza interior.- Só me puiden calmar cando comecei a escribir as miñas memorias. Si, querido Melchior, as últimas tres semanas foron terribles para min.

MELCHIOR. Eu souben controlarme no seu momento. Tiven un pouco de vergoña, mais iso foi todo.

MORITZ. E aínda por riba ti es case un ano máis novo ca min!

MELCHIOR. Eu non me preocuparía diso, Moritz. Segundo a miña experiencia non hai idade ningunha para a aparición destas pantasma. Coñeces o grandullón do Lämmermeier, o do cabelo de palla e o nariz de águia? Tres anos lévame a min. Hänschen Rilow di que até hoxe seica non soña máis que con biscoitos e marmelada de albaricoque.


MORITZ. Pero como pode saber iso Hänschen Rilow?

MELCHIOR. Preguntoullo.

MORITZ. Preguntoullo?- Eu non tería ousado preguntarlle a ninguén.

MELCHIOR. Preguntáchesme a min.

MORITZ. Si, Deus – Supoño que tamén Hänschen tería feito xa o seu testamento. Dende logo é un xogo estraño, este que se xoga connosco. E aínda temos que agradecerlo! Non lembro ter sentido nunca unha ansia igual despois deste tipo de emoción. Por que non me deixaron durmir tranquilo, até que todo estivese calmo novo? Os meus pais queridos poderían ter cen fillos mellores. Pero aquí cheguei eu, e non sei como, e teño que responsabilizarme de non ter ficado á marxe - Non pensaches ti tamén, Melchior, como demo chegamos a caer neste remuíño?



David Álvarez

O Espertar da Primavera - Unha traxedia infantil, de Frank Wedekind

MELCHIOR. Du weißt das also noch nicht, Moritz?

MORITZ. Wie sollt' ich es wissen? – Ich sehe, wie die Hühner Eier legen, und höre, daß mich Mama unter dem Herzen getragen haben will. Aber genügt denn das? – Ich erinnere mich auch, als fünfjähriges Kind schon befangen worden zu sein, wenn einer die dekolletierte Cœur dame aufschlug. Dieses Gefühl hat sich verloren. Indessen kann ich heute kaum mehr mit irgendeinem ädchen sprechen, ohne etwas Verabscheuungswürdiges dabei zu denken, und – ich schwöre dir, Melchior – ich weiß nicht was.

MELCHIOR. Ich sage dir alles.- Ich habe es teils aus Büchern, teils aus Illustrationen, teils aus Beobachtungen in der Natur. Du wirst überrascht sein; ich wurde seinerzeit Atheist. Ich habe es auch Georg Zirschnitz gesagt! Georg Zirschnitz wollte es Hänschen Rilow sagen, aber Hänschen Rilow hatte als Kind schon alles von seiner Gouvernante erfahren.

MORITZ. Ich habe den *Kleinen Meyer* von A bis Z durchgenommen. Worte – nichts als Worte und Worte! Nicht eine einzige schlichte Erklärung. O dieses Schamgefühl! – Was soll mir ein Konversationslexikon, das auf die nächstliegende Lebensfrage nicht antwortet.

MELCHIOR. Hast du schon einmal zwei Hunde über die Straße laufen sehen?

MORITZ. Nein! - - Sag mir lieber heute noch nichts, Melchior. Ich habe noch Mittelamerika und Ludwig den Fünfzehnten vor mir. Dazu die sechzig Verse Homer, die sieben Gleichungen, der lateinische Aufsatz - ich würde morgen wieder überall abblitzen. Um mit Erfolg büffeln zu können, muß ich stumpfsinnig wie ein Ochse sein.

MELCHIOR. Komm doch mit auf mein Zimmer. In dreiviertel Stunden habe ich den Homer, die Gleichungen und *zwei* Aufsätze. Ich korrigiere dir einige harmlose Schnitzer hinein, so ist die Sache im Blei. Mama braut uns wieder eine Limonade, und wir plaudern gemütlich über die Fortpflanzung.

MELCHIOR.- Pero é que aínda non o sabes, Moritz?

MORITZ. Como queres que o saiba? – Vexo como as galiñas poñen ovos, e a miña nai di que me levou debaixo do seu corazón. Pero é iso suficiente? – Lembro xa de neno con cinco anos ficar avergoñado cando alguén descubría a carta coa dama de corazóns escotada. Este sentimento perdeuse. No entanto, hoxe case non dou falado cunha moza sen pensar a un tempo nalgunha cousa desprezable e xurocho, Melchior – non sei *o que*.


MELCHIOR. Direicho eu todo. – Seino en parte polos libros, e tamén por ilustracións e observacións da natureza. Vas quedar abraiado; eu fixenme ateo cando o souben. Tamén llo dixen a Georg Zirschnitz! Georg Zirschnitz queríaallo dicir a Hänschen Rilow pero el xa o aprendera todo da súa institutriz.

MORITZ.- Mirei a enciclopedia dende o A ao Z. Palabras, nada máis que palabras e palabras! Nin unha simple explicación. Ai, este sentimento de vergoña! – De que me vale un dicionario enciclopédico que non responde ás preguntas vitais máis urxentes?

MELCHIOR.- Viches algunha vez dous cans correr xuntos pola rúa?

MORITZ.- Non! - - Mellor non me digas nada hoxe, Melchior. Aínda teño que estudar Centroamérica, Luis XV e ademais os sesenta versos de Homero, sete ecuacións e o texto de latín – Mañá volvería fallar en todo. Para poder chapar con éxito teño que ter os sentidos máis ben embrutecidos.

MELCHIOR. Ven á miña casa. En tres cuartos de hora teño feito o Homero, as ecuacións e *dous* textos. Corríxoches uns poucos erros e queda a cousa lista. Mamá fainos unha limonada e nós falamos comodamente da procreación.



David Álvarez

O Espertar da Primavera - Unha traxedia infantil, de Frank Wedekind

MORITZ. Ich kann nicht. – Ich kann nicht gemütlich über die Fortpflanzung plaudern! Wenn du mir einen Gefallen tun willst, dann gib mir deine Unterweisungen schriftlich. Schreib mir auf, was du weißt. Schreib es möglichst kurz und klar und steck es mir morgen während der Turnstunde zwischen die Bücher. Ich werde es nach Hause tragen, ohne zu wissen, daß ich es habe. Ich werde es unverhofft einmal wiederfinden. Ich werde nicht umhin können, es müden Auges zu durchfliegen . . . falls es unumgänglich notwendig ist, magst du ja auch einzelne Randzeichnungen anbringen.

MELCHIOR. Du bist wie ein Mädchen. – Übrigens wie du willst! Es ist mir das eine ganz interessante Arbeit. - - Eine Frage, Moritz.

MORITZ. Hm?

MELCHIOR. – Hast du schon einmal ein Mädchen gesehen?

MORITZ. Ja!

MELCHIOR. – Aber ganz?!

MORITZ. *Vollständig!*

MELCHIOR. Ich nämlich auch! – Dann werden keine Illustrationen nötig sein.

MORITZ. Während des Schützenfestes, in Leilichs anatomischen Museum! Wenn es aufgekommen wäre, hätte man mich aus der Schule gejagt. – Schön wie der lichte Tag, und – o so naturgetreu!

MELCHIOR. Ich war letzten Sommer mit Mama in Frankfurt - - Du willst schon gehen, Moritz?

MORITZ. Arbeiten machen. – Gute Nacht.

MELCHIOR. Auf Wiedersehen.

MORITZ. Non podo. – Non podo falar comodamente da procreación! Se me queres facer un favor, dame por escrito as túas explicacións. Escíbeme o que saibas. Escríbeo claro e en poucas palabras, a poder ser, e métemo entre os libros durante a hora de ximnasia. Levareino para a casa sen saber que o teño. Atopareino algunha vez sen agardalo e non poderei máis que estudalo con ollos cansos . . . se é indispensable, podes poñer tamén uns debuxiños na marxe.

MELCHIOR. Es coma unha nena. – Pero como ti queiras! Para min vai ser un traballo moi interesante. - - Unha pregunta, Moritz.

MORITZ.- Hm?

MELCHIOR. – Viches algunha vez unha rapaza?

MORITZ. Si!

MELCHIOR. Pero de todo?!

MORITZ. *Completamente!*

MELCHIOR. Eu tamén!- Entón non serán precisas as ilustracións.

MORITZ. Durante as festas de tiro no museo anatómico de Leilich! Se se chega a saber, bótanme da escola.- Preciosa coma un día luminoso, e – oh, tan natural!

MELCHIOR. Eu estiven o ano pasado con mamá en Frankfurt - - Xa marchas Moritz?

MORITZ.- Vou facer as tarefas.- Boa noite.

MELCHIOR. Adeus.

